



A ferramenta imprescindible

AGA é unha Asociación Profesional constituída por artesáns de diferentes oficios residentes en Galicia, co obxectivo de permanecer unidos para a defensa dos nosos intereses e a promoción e dinamización da Artesanía (a cultura dos oficios) dun xeito amplo.

En **AGA** estamos integrados tanto artesáns tradicionais como contemporáneos, creativos, obradoiros de arte, restauradores, etc. configurando un gran abano de oficios. A maioría dos obradoiros artesáns de Galicia, con maior actividade profesional, forman parte da nosa Asociación.

Independentemente da defensa dos intereses dos socios, **AGA** mantén dende a súa creación unha liña de apoio a tódalas manifestacións artesanais que se producen en Galicia, especialmente a aquelas que se encontran en peores condicións, como son as tradicionais no medio rural.

Na actualidade **AGA** é unha das asociacións de artesáns máis importantes de todo o estado, tanto por número de socios como polas actividades que leva a cabo. O traballo que desenvolvemos dende o ano 1983, en que nos constituímos, ten contribuído a mellorar as oportunidades dos artesáns na Comunidade Autónoma, revalorizando o concepto de Artesanía, creando servizos, reivindicando axudas das Administracións Públicas, organizando actividades, proporcionando información, editando publicacións, facendo campañas de publicidade, etc.

A nosa actividade non se limita a Galicia, mantemos contacto con artesáns e asociacións de artesáns de toda España e do estranxeiro, especialmente en Europa, realizando intercambios en actividades, publicacións, etc. Temos asistido a Xornadas, Congresos, Conferencias, e outros actos, relacionados directamente coa Artesanía en España e no resto de Europa.

AGA forma parte de **Oficio y arte, Organización de los Artesanos de España**, que agrupa arredor de 30 asociacións de artesáns de todo o estado, con máis de 1.000 socios, e publica a revista **Oficioyarte** que recibe gratuitamente tódolos membros de AGA.

As actuacións que levamos a cabo nos últimos anos acadaron o recoñecemento de distintos sectores da sociedade, reflexándose na boa consideración das nosas actividades que se ten a nivel social, e no Premio á Galeguidade 1990.

En 2015 acadamos o **Premio Nacional de Artesanía** na modalidade Promociona para entidades privadas pola aplicación Obradoiros Abertos.

Asociarse a **AGA** é participar nun proxecto ambicioso que persigue a promoción e o progreso das actividades artesanais en Galicia.

A artesanía é unha actividade socialmente desexable. Dende AGA perseguimos que tamén sexa viable, rendible e satisfactoria para os que traballamos nela.

A unión fai a forza: en 1983 eramos 21 socios, na actualidade a asociación está formada por preto de 300. As perspectivas son esperanzadoras, a sociedade desexa a recuperación e a conservación das actividades artesanais; o mercado ten unha actitude favorable á artesanía e contamos coa ferramenta necesaria para canalizar os nosos esforzos:

a **Asociación Galega de Artesáns**.

>Cómo funciona

O funcionamento de **AGA** basease nos seus **estatutos**, que refunden os principios democráticos no que se refire a elección dos órganos de dirección, toma de decisións e demais cuestións de orden interno. A Asemblea Xeral de tódolos asociados é o órgano soberano da asociación.

Existe unha regulamentación creada aparte para cuestións concretas, como son as **Normas para Asistencia a Feiras** organizadas por AGA, o **Regulamento Electoral** e a derivada dos **acordos** que toma a Xunta Directiva.

A **Xunta Directiva** está formada polos socios que son elixidos cada dous anos a través do correspondente proceso electoral. Esta Directiva é a encargada de desenvolver os plans previstos ao longo do ano, e tomar as decisións que considere convintes con arreglo ó disposto nos Estatutos.

Calquera proposta, recurso, suxerencia, etc. pode ser presentada á Xunta Directiva, que é a encargada de estudar cada asunto e tomar os acordos oportunos.

Ás reunións da Xunta Directiva pode asistir calquera asociado sempre que o comunique con anterioridade e non existan problemas de espazo no local.

>A oficina

AGA mantén aberta unha oficina na Coruña durante todo o ano. Na actualidade traballan nesta oficina dúas persoas.

O horario de atención é de **9 a 14 h.** de luns a venres (o teléfono principal dispón de contestador automático).

>Réxime económico e Cuotas

O financiamento de **AGA** realízase a través das **cuotas** dos seus asociados, das axudas que se solicitan a distintas institucións, e de ingresos diversos que lle permite a lexislación vixente.

As cuotas actuais dos socios son de **18 euros** -exentas de IVE- ó mes (108 eur ó semestre).

As contas da Asociación preséntanse anualmente na Asemblea Xeral para a súa aprobación.

A mesma Asemblea fixa as cuotas mensuais que, na actualidade, presentanse ó cobro nos primeiros días de cada **semestre** natural (primeiros de xaneiro e primeiros de xullo). Os asociados que se integran no transcurso dun semestre abonan a razón de **18 eur** por mes enteiro a partir da data na que a Xunta Directiva os admite oficialmente.

Os novos socios deben de pagar, alo menos, un semestre por adiantado no momento de ser admitidos (**108 eur**), engadindo os meses completos que falten ata o principio do semestre natural (18 eur por cada mes ata primeiros de xullo ou primeiros de xaneiro seguintes).

Os recibos de cuotas que resulten devoltos teñen un recargo dun 10% para sufragar os gastos de dobre emisión, devolución e xestión de cobro.

A acumulación de máis dun recibo semestral de cuotas conleva a suspensión dos servizos que presta a asociación e si non se subsana nun prazo razoable, a baixa a todos os efectos.

Para participar nas actividades da asociación é imprescindible estar ó día no pago das cuotas.

AGA é unha asociación sen ánimo de lucro. Supoñendo que dispuxéramos nalgún caso de superavit, derivado da actividade económica da asociación, obrigatoriamente terá que ser reinvertido para algún fin da asociación.

>Procedemento para asociarse

O mecanismo de ingreso en AGA faise a través dunha **solicitude de admisión**, dirixida a Xunta Directiva, que hai que facer chegar a nosa oficina na Coruña.

Esta solicitude é valorada pola Directiva que a acepta ou denega.

No caso de ser aceptada a persoa solicitante pasa a formar parte da asociación como socio/a de **dereito** e rexístrase no Libro oficial de Socios/as. Somentes os socios/as de **dereito** poden exercer o voto nas asembleas, sempre e cando non teñan cuotas pendentes. No caso de que a solicitude sexa denegada, comunícase ó interesado/a, que poderá recurrir ante a asemblea xeral. Os socios/as admitidos reciben con posterioridade o carnet da Asociación.

AGA está formada por **artesáns** exclusivamente, non podendo asociarse entidades xurídicas, aínda que si poden facelo as persoas que, sendo artesáns, dirixan ou estén integradas en empresas, cooperativas, institucións, escolas, etc. e calquer persoa que acredite a súa condición de artesán según a Lei de Artesanía de Galicia (1/1992 do 11 de marzo).

>Servizos e Actividades

AGA é unha asociación dinámica, por elo os servizos que presta pónense en marcha a partir das necesidades que se van presentando en cada momento por parte dos asociados e previo estudo da Xunta Directiva e dos medios cos que se conta en cada momento.

Un dos servizos esenciais que proporciona a asociación é o da **información**, que se distribúe dun xeito rápido e eficaz a través do correo electrónico.

A asociación comunica as novas e os avisos de máis interese para os socios/as, convocatorias de cursos, concursos, feiras, axudas; información sobre acordos internos de AGA; anuncios de exposicións e actividades.

Toda a información que difunde AGA pódese consultar no apartado **área socios** da nosa web, ben as Circulares en PDF, ben o resumo de noticias nos documentos **infoAGA**, ben na revista dixital **Artesán** www.galegadeartisans.org

Calquer socio pode solicitar individualmente canta información precise relacionada ca súa actividade, por teléfono, presencialmente, ou por correo electrónico.

Os demais servizos **internos** reséñanse a continuación e están a disposición de cada asociado:

- ◆ Hemeroteca/Biblioteca, libros, catálogos e revistas de artesanía de todo o mundo que se poden consultar na oficina.
- ◆ Distribución de material promocional da marca Artesanía de Galicia para paquetería, bolsas, precinto, caixas, papel de envoltorio, etc. gratuitos ou a precios inferiores ó coste.
- ◆ **Oficioarte** revista da **Organización dos Artesáns de España**, que se edita cada tres meses e que se envía gratuitamente por correo a cada socio/a.
- ◆ **Web de Oficioarte OAE**. Os socios de AGA aparecen no Directorio da web: www.oficioarte.org gratuitamente.
- ◆ Xestións no Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia (excepto Carta de Mestre Artesán) e relacionadas ca Marca Artesanía de Galicia (tramitacións de solicitudes da Carta de Artesán ou da cualificación de Taller Artesán, necesaria para obter calquer tipo de axuda do programa de apoio a artesanía da Xunta de Galicia).
- ◆ **Web de AGA**, con inclusión de **mini-web gratuita** para cada socio, e área reservada para socios.
- ◆ Asesoría e búsqueda de información de calquer tipo (proveedores, publicacións, lexislación, etc.)
- ◆ Si o teu obradoiro é visitable, inclusión gratuita nas APPs Obradoiros Abertos e Talleres Abiertos www.obradoirosabertos.com www.talleresabiertos.com

>Actividades

As **actividades externas** ou públicas de **AGA** dende a súa constitución son moi variadas e persiguen unha rendibilidade promocional, divulgativa, formativa, comercial ou de debate. A continuación reseñamos as máis importantes dos últimos anos:

FEIRAS DE ARTESANÍA:

MOSTRART na Coruña (30 edicións)
www.mostrart.org
OFEITOAMAN en Vigo (30 edicións)
www.ofeitoaman.org
ARTESANAL en Pontevedra
NACIONAL DE CERÁMICA en Santiago
Mostra Muradana de Artesanía (Muros, A Coruña)
MiniFeiras da Artesanía de Galicia

PRIMAVERA

7 edicións desta feira do regalo, exclusivamente para profesionais (www.primaveranorte.com)

EXPOSICIÓNS (entre outras):

OUTRASARTESANIAS na Coruña (2 edicións)
SEMANANA NACIONAL DE CERÁMICA en Santiago
NACIONAL DE CARTÓN en Ribadavia e Laracha
CELTIC EXCELLENCE en Bruselas (Bélxica)
I e II CERTAME DE ARTESANÍA "ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS" para a Deputación Provincial da Coruña (Concurso para artesáns de toda Galicia e 10 exposicións).

CAMPAÑAS PUBLICITARIAS:

ARTESANÍA DE GALICIA / Fora da Serie
ARTESANÍA DE GALICIA / Revalorización constante
MARCA DE GARANTÍA

ENCUNTROS:

XORNADAS DE ARTESANÍA en Santiago e A Coruña
I, II e IV ENCONTROS DO COIRO en Allariz
ENCUNTROS DE CERAMISTAS PROFESIONAIS Viveiro
ENCUNTROS DE TORNEIROS DE MADEIRA EN GALICIA Xermade (Lugo)
ENCUNTROS DE FERREIROS Fonsagrada (Lugo)
Xornadas Cerámica! na Coruña.
Oficios en Acción, Días Europeos da Artesanía, no Centro Cultural Ágora da Coruña.

CURSOS:

De todo tipo en Convenio con diversas institucións.

ASISTENCIA A XORNADAS E CONGRESOS NACIONAIS E INTERNACIONAIS:

Conferencias Europeas do World Crafts Council;
Conferencia Europea sobre Artesanía en Avignon (1990), Berlín (1994) e Milán (1997), Encontro Europeo sobre Artesanato en Lisboa, Preconferencia Europea "Tradición y Modernidad, claves para la Artesanía en la Europa del 2000" en Toledo.
Iberiona en Barcelona e Oporto (Portugal).
Conferencia Europea sobre Artesanía en Barcelona (2010)

Ademais **AGA** mantén unha liña de colaboura con entidades, organismos, puntos de venda, profesionais e outras asociacións proporcionándolles información ou servizos en relación ca Artesanía de Galicia.

Un dos aspectos de máis importancia no traballo da asociación está ocupado polas relacións coas Institucións Autonómicas, e moi especialmente polas que se manteñen ca Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, que é a que dispón de competencias en materia de Artesanía.

AGA serve de canle de diálogo con esta Institución, realizando solicitudes e propostas en orden a conquistar un mellor aproveitamento das axudas que emanan dela.

AGA conta con dous representantes na **Comisión Galega de Artesanía**, encargada de valorar e propoñer as Cartas de Artesán, Mestre Artesán e Talleres Artesáns, ademais de calquera outro asunto relacionado coa promoción da Artesanía.

>Lei de Artesanía, Carta de Artesán e Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia

AGA propuxo en 1990 a necesidade de contar cunha **Lei de Artesanía de Galicia** que contemplase a creación da **Comisión Galega de Artesanía**, e do **Centro da Artesanía e do Deseño de Galicia**.

Esta Lei, aprobada en 1992, foi un dos maiores logros da asociación, que permitiu o recoñecemento e acreditación da actividade artesanal en Galicia con independencia da situación económica ou laboral dos artesáns. A Lei de Artesanía de Galicia recoñece e acredita as persoas que teñan capacitación suficiente para elo por medio da **Carta de Artesán**.

AGA tramita gratuitamente para tódolos socios a obtención desta Carta, así como o Rexistro de Taller Artesán ante o Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia e a solicitude para o uso da **Marca Artesanía de Galicia**.

AGA tamén tramita gratuitamente para os socios/as a solicitude do programa informático **Agata** especialmente desenvolvido para obradoiros artesáns e que a Xunta de Galicia distribúe gratuitamente entre os Talleres rexistrados no Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia.

AGA asesora a posibles clientes que demandan información a nosa oficina e os pon en contacto cos socios que poden satisfacer esa demanda.

Estar asociado a **AGA** significa maiores oportunidades de axudas, maior información, maiores oportunidades de vendas, e sobre todo, contribuir ó mellor desenvolvemento da Artesanía en Galicia.

>Cómo asociarse

Calquer artesán que traballe en Galicia pode asociarse a **AGA** de forma voluntaria, para elo debe cubrir a **ficha/solicitud de admisión** cos seus datos e con letra de imprenta, e asinala, xunto cunha pequena enquisa que axudará á Xunta Directiva a valorar mellor a solicitude.

Tamén deberá cubrir e asinar o impreso de **domiciliación bancaria** dos recibos das cuotas, indicando o IBAN da conta onde desexa que se lle presenten ó cobro.

É imprescindible acompañar a estes documentos **material gráfico** (fotografías, catálogos, etc.) da obra do artesán ou algunha peza orixinal, co fin de que a Xunta Directiva poida valorar a oportunidade da admisión, así coma calquera outro documento que poida resultar de utilidade para este fin. (Este material pode ser enviado por correo electrónico)

Documentación necesaria para asociarse a AGA:

- Ficha/solicitud de admisión, cuberta e asinada.
- Enquisa sobre datos profesionais.
- Impreso de domiciliación bancaria dos recibos de cuotas, cuberto e asinado.
- Material gráfico da obra do/a interesado/a.
- Calquer outra documentación que o interesado/a considere de interés (recortes de prensa, currículum, titulacións, etc.)
- Algunha mostra orixinal do traballo que se realiza (no caso de que sexa posible).

Todo elo debe ser presentado ou enviado a:

Asociación Galega de Artesáns

Camiño da Igrexa 38 (zona de Monelos)
15009 A Coruña

Consultas por teléfono:

T 981 293 688

(horario de oficina: 9 a 14 h. de luns a venres)

fax: 981 282 796

asociacion@galegadeartesans.org

www.galegadeartesans.org

Importante: Lexislación sobre protección de datos

Dacordo co estipulado pola Lei Orgánica 15/1999 do 13/12 de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que: Os datos persoais dos socios de AGA están incluídos nun ficheiro automatizado de datos desta Asociación, co fin de poder informarlos dos servizos e actividades de interés propias desta Asociación Profesional, así coma para proporcionar información de carácter profesional a aquelas persoas ou empresas que o solicitan.

Os socios de AGA poden exercer o seu dereito de acceso, oposición, rectificación e cancelación, nos termos e condicións estipulados na Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, ante a Asociación Galega de Artesáns. Calquer cuestión relacionada con este dereito pode ser comunicada por calquer medio á Asociación.